

A dureza da castaña

(alegación para un tempo de paz)

Un ansioso setembro de
hiperglucemia de afectos
fai
escachar a coiraza do ourizo
como costelas de pomba entre as
rodas e o camiño...
mais o corazón non amolece...
O froito
será esfolado cun coitelo,
asado nas ascuas,
cocido coa nébeda
e outras herbas dixestivas.



O desprezo ás diferenzas
abre un peito cheo de espiñas,
fendas e chagas, sentir unha arritmias
roseira amiga.

U-la consentida?

Imos co seo de fe cheo
e o esterno tosferínico
do desamor
dun arco da vella ilustrado
consumindo promesas felices
a clics dixitais co dedo índice
a prezo de rictus ansiosos
mastigando cutículas
e ti sangras coma calquera de nós.

Achégase polo ar do leste o arrepío
do tamboril soldado,
esquezo
o vento pético que eu amaba,
no bater das follas da “betula pendula”
entre pecíolos e limbos, biudeira silenciada.

O tremor indefenso do castiñeiro novo
ule
un hábito inimigo, borraxeira gris,
final aciago.

Devólveme o país
de verdes fragas
onde un dragón blindado
oxidaría
cun caravel de onza,
no zapón.

Andreia Costas

Poema extraído da px. 29 do poemario
“Magnolia Punk e outras Arritmias”
Medulia Editorial, 2023